

A Coruña, a 24 de marzo de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA Nº2 TEMP 2022-23.

Equipos participantes: C.W.C. Rias Altas- C.W. Cambre.

Competición: Liga Galega Waterpolo Alevín Mixta.

Data de celebración: 12/03/2023.

FEITOS

- O día 15 de marzo foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:

"Los jugadores del equipo visitante números 2 y 8, Dº Senay Villar Rodriguez, con número de licencia 1186832, y Dº Enam Villar Rodriguez, con número de licencia 1210721, no presentan ningún documento identificativo. La delegada de equipo dice que no tienen dicho documento."

- O día 7 de marzo deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), presentando alegacións dentro do citado prazo o club interesado nas que expon: Los deportistas *"Senay Villar Rodriguez, con número de licencia 1186832, Enam Villar Rodriguez, con número de licencia 1210721, Como se deduce por los apellidos son hermanos, no tienen DNI, dato se le explicó en su momento a la colegiada En el momento de solicitar la licencia, se nos requirió el DNI por la federación. Desde el club procedimos a solicitar a los padres los documentos, los cuales nos manifestaron que los menores no tenían DNI y que como tienen menos de 14 años, consideraban que por ley no están obligados a tenerlo. Nos facilitaron el libro de familia para poder comprobar los datos. La federación procedió sin problema a tramitarnos la licencia de los deportistas, que ya llevan mas de una temporada jugando"*.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Respecto da documentación a aportar previa a desputa dun encontro, neste caso o documento identificativo de cada xogador a normativa recolle: **Normativa General de Waterpolo Temporada 2022-23 Norma 5.3.1.** *"El club organizador en cada partido, deberá tener preparado el campo de juego reglamentario, por lo menos 30 minutos antes de la hora señalada para el comienzo del mismo. Todos los miembros de los dos equipos deben ir acreditados (ficha, DNI o carnet de conducir."*
- **Licenzas e cotas Tempada 2021/22 - 2022/23 Circular 21-04 Norma 5.5** Acreditación de identidade:
"...A presentación do DNI ou pasaporte para os menores de 14 anos con nacionalidade española é optativa aínda que se recomenda que se realice".
- **Normativa General de Waterpolo Temporada 2022-23 1. 4. Categorias de Edades** Las categorías de edades son: a) **Categoría benjamín: deportistas de 9 y 10 años (nacidos en 2013-2014)** b) **Categoría alevín: deportistas de 11 y 12 años (nacidos en 2011-2012)** c) **Categoría infantil: deportistas de 13 y 14 años (nacidos en 2009-2010).**

- A vista da normas, o certo é que por un lado e evidente a obrigatoriedade de identificarse con DNI ou documento equivalente antes do inicio do encontro, mais dado que a normativa de tramitación das licenzas admite que os menores de 14 anos poden solicitar a mesma sen contar co DNI (posto que non e obligatorio, so recomendable) entendemos que sería unha incongruencia sancionar a non presentación dun documento que, ademais de non existir posto que non foi expedido, non foi esixido previamente para poder obter licenza e disputar a competición.
- Neste caso concreto as manifestacions do club reflexan que os nenos non contan con DNI, posto que os pais non llos quixeron solicitar, e que, pese a elo, a Federación otorulle a licenza posto que norma de obtención das mesmas permitelles obtela. Por tanto, non podemos entender que a conduta sexa sancionable toda vez que existe unha norma que ampara a non aportacion previa do DNI. Ademais a presentación dun documento inexistente sería obrigar a o club a recurrir a unha "proba diabólica" o cal esta vedado en dereito.

Por todo elo, e en definitiva, entendemos que non pode sancionarse a non presentación dun documento que non existe posto que non foi expedido (DNIs) e aos que non lles foi esixido a sua aportacion para a obtencion da licenza e sempre NO EXCLUSIVO CASO DOS MENORES DE 14 ANOS (CATEGORÍAS BENXAMIN, ALEVIN E INFANTIL),

• **RESOLVE**

- O arquivo do expediente inciado fronte ao CW Cambre cat. Alevín Mixta.

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN